

A RACIONALIDADE E OUTRAS MODALIDADES DE SABER

1. O CONCEPTO DE RACIONALIDADE

A racionalidade considérase a característica específica dos humanos fronte ao resto dos animais. Defínese como a facultade ou capacidade de pensamento discursivo (ligada intimamente a capacidade simbólico-lingüística).

A racionalidade pode referirse tanto ao pensamento (opinións e crenzas), como ás accións (racionalidade práctica). A 2ª supón a primeira.

Pero, non sempre facemos “uso da razón”.

1.1. Características do pensamento racional

As condicións básicas do pensamento racional son dúas: a) consistencia, e b) xustificación.

- a) *Consistencia*: Unha opinión é racional só na medida en que é coherente e compatible con outras opinións racionais. Este é un requisito esencial da racionalidade: a contradición é inaceptable racionalmente.
- b) *Xustificación*: Unha opinión será racional, só e na medida, en que estea adecuadamente xustificada; isto é, fundada en “boas razóns”.
 - Que sexa unha verdade *analítica*, e polo tanto, evidente e indudable.
 - Que sexa comprobable directamente na experiencia (observable).
 - Que se derive necesariamente doutras verdades xa ben fundadas.
 - Que haxa “testemuñas fiables” nas que se apoie.

Pero a racionalidade humana é *incompleta*: necesita someter a revisión crítica as propias opinións e crenzas. Isto forma parte esencial dunha actitude racional, a diferenza das actitudes doutrinarias e dogmáticas.

1.2. Elementos do pensamento racional

No pensamento racional hai tres elementos ou planos xerárquicos implicados:

- a) Os *conceptos*, ou representacións mentais, son as categorías coas que o entendemento estrutura e ordena a realidade. Estes moldes conceptuais poden ser máis ou menos precisos, claros e adecuados. Un talante racional será tamén crítico cos sistemas conceptuais someténdoo a un proceso de revisión constante.
- b) Os *xuízos* relacionan conceptos atribuíndo un predicado a un suxeito. Os xuízos exprésanse en enunciados lingüísticos ou proposicións. Só os xuízos ou proposicións poden ser considerados verdadeiros ou falsos, na medida en que se axusten á realidade. E diremos que son racionais se están debidamente “xustificados”, e se son consistentes.
- c) Os *razoamentos* propiamente ditos enlazan xuízos ou proposicións entre si para derivar outros novos, que denominamos conclusións.
 - Os *razoamentos dedutivos* parten de enunciados ou premisas de tipo xeral ou universal para derivar conclusións máis particulares.
 - Nos *razoamentos indutivos*, pola contra, os datos de partida son enunciados observacionais particulares, e deles, por xeneralización, pretenden derivarse conclusións máis universais. Tales conclusións só terán valor de probabilidade.

1.3. Os procedementos racionais

A racionalidade é unha estratexia ou método para maximizar a veracidade das opinións, optimizando o axuste do pensamento coa realidade do mundo.

Procedementos:

- a) Argumentación, xustificación ou proba das opinións sustentadas.
- b) Inferencia ou derivación lóxica de conclusións a partir de premisas.
- c) Análise da consistencia lóxica das opinións ou crenzas aceptadas.
- d) Revisión crítica das propias opinións cando así o esixan novos datos.

A Lóxica estuda os procedementos e recursos da racionalidade.

- A *Lóxica formal*, ou teoría da dedución, é unha ciencia que estuda os principios e leis das inferencias formalmente válidas.

- a) A *Lóxica informal*, ou teoría da argumentación, é unha rama da Filosofía, cuxo obxecto de estudo é a argumentación material (real): os elementos constitutivos e normativos (principios, procedementos e erros argumentais ou falacias) do diálogo argumentativo.

2. DIFERENTES MODALIDADES DE SABER: XÉNESE E CARACTERÍSTICAS

Hai “saberes” innatos, ou informacións que os individuos dunha especie reciben ao nacer, impresas no seu código xenético ao longo da filoxénese.

Pero, aquí referímonos aos saberes culturais que o ser humano crea e transmite socialmente ao longo da súa vida.

2.1. Os saberes técnicos

So saberes prácticos (saber facer) xerados polas actividades destinadas satisfacer necesidades e resolver problemas básicos de supervivencia .

Características do saber técnico: a) *Práctico*, b) *Público*, c) *Revisable*, e d) *Especializado*.

2.2. As concepcións mítico-relixiosas do mundo

Nace da necesidade de comprender e interpretar a realidade para explicar os fenómenos e orientar a propia vida, dándolle un sentido.

Os mitos son narracións ou relatos fabulosos que explican e interpretan a orixe, a orde social interna e o destino dunha comunidade, dándolle un sentido a vida e á actividade humana. En principio non hai unha verdadeira diferenza entre *mito* e *relixión*.

O mito é un saber que se caracteriza por ser:

- *Antropomórfico*: interpreta os fenómenos naturais son interpretados como resultados intencionados con finalidade e sentido.
- *Indeterminista*: o que acontece na natureza sucede de forma arbitraria.
- *Prescritivo*: serve de fundamento a pautas normativas de conduta.
- *Acrítico*: son tradicións ancestrais no sometidas a análise crítica racional.

A *maxia*, nunha concepción mítico-relixiosa da realidade, ten unha función de dominio da natureza comparable á técnica, pero accesible só aos iniciados.

2.3. O saber filosófico

A revisión crítica das tradicións mítico-relixiosas e a súa “racionalización” deu lugar ao saber racional que na Grecia Antiga recibiu o nome de Filosofía

O suposto subxacente ao novo saber racional sería a existencia dunha regularidade e secuencia causal necesaria entre os fenómenos naturais.

Características: a) *Causal*, b) *Realista*, c) *Argumental*, e d) *Revisable criticamente*.

Na súa orixe grega, a Filosofía abarca todo saber fundado racionalmente. Non existe aínda a distinción entre Filosofía e Ciencia, que se producirá coa Revolución científica do Renacemento. Entón a Filosofía convertírase nun saber de “segunda orde” ou “metacientífico” (máis alá da Ciencia).